

DOMINGO 25 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA Sab 2, 12. 17-20

Condenémolo a unha morte ignominiosa

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA SABEDORÍA

Dixeron os malvados:

Espreitemos o home xusto que nos dá tanto noxo
e se opón aos nosos feitos,
botándonos en cara as transgresións da lei,
reprochándonos faltas da nosa educación.
Examinemos se son veraces as súas razóns,
comprobemos como é o seu finar.
Se o xusto é fillo de Deus, virá El a acorrelor
e ceibaráo da man dos seus inimigos.
¡Poñámolo na proba da aldraxe e do tormento
para constataremos a súa mansedume
e experimentarmos a súa resistencia ao mal!
¡Condenémolo a unha morte ignominiosa,
pois, segundo el fala, terá quen o protexa!

SALMO RESPONSORIAL Sal 53, 3-4. 5. 6 e 8

R/ (6b): O Señor é quen sostén a miña vida.

Sálvame, Deus, polo teu nome,
co teu poder defende a miña causa.
Escoita, Deus, a miña súplica,
atende a miña palabra.

Érguense contra min homes soberbios,
homes violentos buscan a miña vida,
sen teren a Deus en conta.

Mais Deus é a miña axuda,
o Señor é quen sostén a miña vida.
Eu ofrecereiche gustoso sacrificios,
louvareite, Señor, porque es bo.

SEGUNDA Sant 3, 16 - 4, 3

O froito da xustiza seméntase na paz para aqueles que cultivan a paz

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SANTIAGO APÓSTOLO

Benqueridos irmáns e irmás:

Onde hai receos e liortas, dáse tamén alí o descontento e toda caste de ruindades. Pola contra, a sabedoría que vén do ceo é primeiramente pura e despois pacífica, sinxela, acolledora, chea de misericordia e de bos froitos, imparcial, sen finximento. O froito da xustiza seméntano coa paz os que van facendo a paz.

De onde veñen esas guerras e liortas que se dan entre vós? Non será das vosas cobizas, que loitan no voso interior? Degoirades e non tedes; enrabechádesvos e andades cheos de envexa e non logrades cousa; combatédesvos e facédesvos a guerra e non conseguides porque non o pedides e, se pedides, non recibides, porque pedides só co deveso de satisfacerdes as vosas cobizas.

ALELUIA Cf Tes 2, 14:

Deus chamounos por medio do Evanxeo,
para lograrmos a gloria do noso Señor Xesús Cristo

DOMINGO 25 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 9, 30-37

O Fillo do home é entregado... Quen queira ser o primeiro, ha ser o servidor de todos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, Xesús e mailos seus discípulos marcharon, atravesando a Galilea sen enredar nela, porque non quería que o soubese ninguén; pois ía informando aos discípulos, dicíndolles:

-O Fillo do Home vano entregar nas mans dos homes, que o matarán; pero, despois de morto, pasados tres días, ha resucitar.

Eles non entendían o que lles dicía, pero non se atrevían a preguntarllo.

Chegaron a Cafarnaúm, e, cando estaban na casa, preguntoulles:

-De que viñades discutindo polo camiño?

Eles calaron, porque no camiño discutiran entre si sobre quen era o máis importante. Xesús sentou, chamou polos Doce e díxolles:

-O que queira ser o primeiro, que sexa o derradeiro e o servidor de todos.

E, collendo un neno, púxoo no medio deles e abrazándoo, dixo:

-Quen acolle a un destes nenos no meu nome, acólleme a min; e quen me acolle a min, non é a min a quen acolle, senón a Aquel que me mandou.